

Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por tendidos, tuberías e galerías

ARTIGO 1. Fundamento Legal

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade ao disposto no artigo 20.4.r) en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa por ocupación do dominio público con tendidos, tuberías e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 2. Feito impoñible

Constitúe o feito impoñible da taxa a utilización privativa ou o aprovechamiento especial do solo, voo ou subsolo da vía pública ou dominio público municipal, con tendidos, tuberías e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos, de conformidade co artigo 20.3.k) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

A taxa é compatible con outros tributos establecidos ou que poidan establecerse por prestación de servizos ou realización de actividades, dos que sexan suxeitos pasivos as mesmas empresas, quedando excluídas, polo pago da taxa, as establecidas ou que poidan establecerse por utilización privativa ou aproveitamento especial.

ARTIGO 3. Suxetos Pasivos

Están obligados ao pago desta taxa as persoas física e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e en concreto:

A) Os titulares das empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza (gas, auga, electricidade, telecomunicacións e outros servizos), que dispoñan ou utilicen redes ou instalacións que discorran polo dominio público municipal ou que estean instaladas, con independencia da titularidade das redes ou as instalacións.

A estos efectos incluiranse tamén entre as empresas explotadoras dos devanditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

Non se incluirán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servizos de telefonía móvil

B) Os solicitantes das concesións ou autorizacións das instalacións e os titulares das mesmas.

C) Os propietarios dos elementos que ocupen o dominio público municipal.

ARTIGO 4. Responsables

Responderán dá débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estos efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. Exencións, Reducións e Bonificacións

De conformidade co disposto no artigo 9 del R.D.L. 2/2004 non se recoñece beneficio tributario ningún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de Lei.

ARTIGO 6. Cota Tributaria

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

ARTIGO 7. Devengo

Devengarase a Taxa e nace a obriga de contribuír:

- a) Tratándose de novos aproveitamentos, no mesmo momento de solicitar a concesión ou autorización do aproveitamento ou, na súa falta, desde o mesmo momento en que se realice materialmente o aproveitamento real e efectivo.
- b) Tratándose de aproveitamentos xa autorizados, e en tanto non se solicite a súa baixa, o día primeiro de cada ano natural.

Tratándose de empresas explotadoras de subministracións de interese xeral ou que afecten á xeneralidade ou unha parte importante da veciñanza, a taxa devengarase o primeiro día do período impositivo, que coincidirá co ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cesamento no uso privativo ou o aproveitamento especial, en que o período impositivo axustarase a estas circunstancias, prorráteándose a cota por trimestres naturais completos.

ARTIGO 8. Réxime de Liquidación e Ingreso

A) Cando se trate de servizos non periódicos, no momento de presentar a solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento liquidarase e ingresarase a taxa. En todo caso, o ingreso será anterior ao inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

B) Cando se trate de servizos periódicos: practicarase a liquidación única anual ou coa periodicidade que se determine nas tarifas desta taxa. O cobro da taxa farase mediante Lista Cobratoria, por recibos tributarios, no período de cobranza que o Concello determine, expoñéndose dita lista cobratoria nos prazos, lugares e medios previstos pola Lexislación, a efectos de reclamacións polas interesados/Cotas establecidas e a recadación levarase a cabo mediante recibos de cobro periódico.

ARTIGO 9. Xestión

As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización do aproveitamento sobre o dominio público municipal que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle como mínimo: suxeito pasivo, situación exacta do lugar onde terá lugar a ocupación (plano) e superficie a ocupar. O Concello, previos os trámites oportunos, autorizará ou non a ocupación.

Procederá a devolución das taxas que se esixiron, cando non se realice o seu feito imposible por causas non imputables ao suxeito pasivo, a tenor do artigo 12 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos

Unha vez autorizada a concesión ou autorización do aproveitamento sobre o dominio público municipal entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.

Cando remate o aproveitamento sobre o dominio público municipal, os suxeitos pasivos formularán as declaracíons de baixa no padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, procedendo a proratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa cando se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos nos artigos 60 e 62 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria

Cando da ocupación do dominio público, poida deducirse razonablemente a posibilidade dalgún dano, o Concello poderá, de acordo co informe dun técnico municipal, fixar unha fianza para responder deses posibles danos. Fianza que será devolta unha vez rematada a ocupación autorizada, e comprobados os danos, no seu caso.

En todo caso, a tenor do artigo 24.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellada a destrución ou deterioración do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houber lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, a Entidade será indemnizada en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe da deterioración dos danados.

O Concello non poderá condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire este apartado.

ARTIGO 10. Infraccións e Sancións Tributarias

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, e as disposicións que a desenvolvan.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, aprobada polo Pleno do Concello de Gondomar, entrará en vigor no momento da súa publicación integra no Boletín Oficial da Provincia e comenzará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de ano seguinte a da súa publicación, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

A N E X O

De conformidade co disposto no artigo 24.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cando se trate de empresas explotadoras de servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, o importe da presente taxa consistirá, en todo caso, no 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente, neste termo municipal, as mencionadas empresas.

Nos restantes casos a tarifa a aplicar será de 50€/ano por metro cadrado ou fracción.